Centro de Información ás Mulleres
Avda. do Balneario, 10 baixo
15142 Arteixo. A Coruña
Tel. 981 601 415
Fax 981 601 558
muller@arteixo.org

CIM CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES

CONCELLO DE ARTEIXO

Colaboran:

El Ideal Gallego

laopinioncoruña

ASOCIACIÓN DE LA PRENSA DE LA CORUÑA 100 años 1904-2004

La Voz de Galicia

X Certame Xornalístico Dora Vázquez

2012

O Concello de Arteixo,
a través da Concellaría de Muller,
convoca o X Certame Xornalístico

Dora Vázquez 2012

1.- Poderán concorrer a él todas as persoas que o desexen cun artigo de opinión inédito, único e orixinal, e escrito en galego. Cada participante será responsábel do contido do seu artigo.

2.- O tema para o Certame correspondente ao 2012 é **"Muller e deporte".**

3.- Os artigos deben ter unha extensión de 1.500 caracteres, escritos en papel DIN A4 por unha soa cara. O artigo deberá ir titulado e cun lema da autora/autor.

4.- Os traballos presentaranse por cuadriplicado nun sobre grande pechado. Neste sobre non poderá figurar o nome nin ningunha outra referencia á autoría do artigo. Dentro deste sobre incluirase un sobre pequeno, tamén pechado, que levará escrito por fóra o título do artigo e o lema. No interior figurará unha fotocopia do DNI, teléfono de contacto e, de ser o caso, enderezo electrónico.

5.- Os artigos poderanse presentar ou enviar, antes do **31 de xaneiro de 2012** facendo constar:

"PARA O CERTAME XORNALÍSTICO DORA VÁZQUEZ"

e Concello de Arteixo
Praza Alcalde R. Dopico, 1
15142 Arteixo - A Coruña

6.- Establécese un único premio dotado de 600 € e sometido á retención legal estabelecida. O premio pode quedar deserto.

7.- O xurado, designado polo Concello de Arteixo, fará pública a súa decisión inapelábel no mes de marzo, cando se fará entrega do premio nun acto convocado a tal fin. A persoa premiada comprométese a asistir a este acto.

8.- Os orixinais non premiados poderán retirarse no prazo dun mes dende o fallo do xurado,na Concellaría de muller no seguinte enderezo

i Centro de Información ás Mulleres
Avda. do Balneario, 10 baixo
15142 Arteixo

Transcorrido este prazo, os artigos non premiados que non sexan recollidos, serán destruídos.

9.- A persoa premiada renuncia aos seus dereitos económicos en caso de que o Concello publique o texto. A obra gañadora será publicada nos xornais, "El Ideal Gallego", "La Opinión de A Coruña", "La Voz de Galicia", e na páxina web da Asociación da Prensa da Coruña.

10.- A interpretación das bases corresponde ao xurado. O feito de participar supón a aceptación destas bases.

NOTA: O Concello dispón dun servizo de Normalización Lingüística, que poderán utilizar as persoas participantes antes da presentación do artigo a este certame